

Os autores presentaron sendos libros en Sargadelos

Victorino Pérez e Manuel Regal ofrecen novas visións da Igrexa

Redacción • Ferrol

A Galería Sargadelos acolleu onte pola tarde a presentación de dúas obras de temática relixiosa, coincidentes ambas na súa visión crítica do actual estamento relixioso católico. Trátase do libro de refle-

xións "Con cordas de tenrura", do sacerdote residente na cidade de Ferrol Victorino Pérez Prieto, e da novela "A partir de hoxe", do tamén sacerdote Manuel Regal Ledo. Ambos autores foron presentados por Xaquín Campo e Xosé Antón Miguélez.

A novela "A partir de hoxe" de Manuel Regal Ledo trata de conxugar, nas súas propias palabras, "A defensa do feito de ser aldeán, como fonte da identidade galega, co ser cristián, algo que nos últimos anos non é un motivo de orgullo como antes".

A novela de Regal Ledo presenta o conflito no mundo rural entre uns labregos e o estamento relixioso. A obra, que foi definida por Xaquín Campo na presentación como "unha notable descripción de personaxes e dominio do léxico", é, segundo Manuel Regal, "unha crítica cariñosa ao funcionamento da Igrexa na actualidade no mundo do rural, e unha aposta por algo distinto".

Pola súa banda, o párroco de Somozas, Xosé Antón Miguélez, presentou o libro de reflexións "Con cordas de tenrura" de Victorino Pérez Prieto, a quen definiu como "unha rica personalidade chea de contrastes".

A obra é, en palabras de Victorino Pérez Prieto, "un libro que nace a cabalo entre a espiritualidade e a reflexión



J. MEIS

Sargadelos encheuse na presentación destas dúas obras

teolóxica". Segundo o seu autor, este traballo xurde a partir das súas experiencias persoais compartidas nas parroquias.

Victorino Pérez é un autor dunha variada traxectoria li-

teraria e ensaística, así como dentro dos medios de comunicación.

Ten publicado diversos traballos nos que conxuga a súa vocación cristiá co seu compromiso político e galeguista.